



Acta da Xunta de Escola ordinaria do 23 de febreiro de 2023

Anexos:

- I. Convocatoria de Xunta de Escola do 23/02/2023
- II. Asistentes á Xunta de Escola do 23/02/2023
- III. [Informe da Directora](#)
- IV. Documentación relativa á proposta de título propio “Máster dual en Información Xeoespacial”
- V. Memoria económica do ano 2022
- VI. Orzamento para o ano 2023.

Ábrese a sesión ás 13 horas, en segunda convocatoria, na Sala de Xuntas do Módulo de Dirección da Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía, presidida pola Directora, dona Elena Alonso Prieto, e trátanse os seguintes puntos da orde do día:

1. **Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior, ordinaria celebrada o 14 de decembro 2022.**

O borrador da acta achegouse por correo xunto coa convocatoria.

A Xunta de Escola aproba, por asentimento, a acta da devandita sesión; esta será publicada na web do centro, na sección Escola / Ordenación Interna / Xunta de Escola, de acceso libre:

<http://minaseenerxia.uvigo.es/gl/escola/ordenacion-interna/xunta-de-escola/>

2. Informe da Directora

O informe da Directora recóllese no [Anexo III](#).

3. **Aprobación, se procede, dunha modificación na composición da Comisión de Divulgación para o curso 2022/2023.**

A Directora sinala que coa incorporación de Raquel Pérez Orozco como Subdirectora de Divulgación Científica e Captación é necesario modificar a composición desta comisión. Aproveitase para incorporar á mesma a todas as persoas que colaboran nas diferentes tarefas e actividades de divulgación e retirar a un bolseiro que tivo que deixar o seu posto por motivos laborais. A composición proposta é a seguinte:

Comisión de Divulgación	
Presidenta	Raquel Pérez Orozco (Subdirectora de Divulgación Científica e Captación)
Vogais	I bolsa de formación en actividades de divulgación
	Elena Alonso Prieto (Directora)
	María Araújo Fernández (Coordinadora GERME)
	Francisco Deive Herva (Coordinador GEE)
	Enrique Manuel Alonso Villar
	Laura Andrés Herguedas
	Borja Barreiro Cal
	Denis Barros Caballero
	Nuria de Castro Celard
	Pablo del Río Barral
	Bienvenido Diez Ferrer
	Xián Estévez Ventosa
	Iria Feijoo Vázquez
	Amanda Franco Sardinha
	Iván Garrido González
	Laura Iglesias Fernández
	Daniel Lamas Novoa
	Ana Larrañaga Janeiro
	Javier López Bértolo
	Lorena Lorenzo Portela
	María Pazo Rodríguez
	Carlos Pérez Collazo
	Ignacio Pérez Rey
	José Santiago Pozo Antonio
	Juan Jesús Rico Fuentes
	Teresa Rivas Brea
Xurxo Rigueira Díaz	
Xavier Simón Montero	
Benito Vázquez Dorrió	

A Xunta de centro aproba por asentimento a nova composición da comisión.

4. Aprobación, se procede, dunha modificación na composición da Comisión de Elaboración do Programa Estratéxico da Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía.

A Directora sinala que a modificación xa foi refrendada pola Comisión de Calidade e consiste en incluír na comisión á Subdirectora de Divulgación Científica e Captación do centro, que se considera relevante no deseño do programa estratéxico; deste xeito a composición da comisión sería a seguinte:

Representación
Director/a do centro (<i>presidente/a</i>)
Coordinador/a de calidade (<i>secretario/a</i>)
Coordinador/a de GERME
Coordinador/a de GEE
Coordinador/a de MUEM
Subdirector/a de Divulgación Científica e Captación
Enlace Igualdade
Coordinador/a do PAT/PIUNE
Representante do profesorado
Representante dos departamentos con docencia no centro
Representante do estudantado de grao GERME
Representante do estudantado de grao GEE
Representante do estudantado de máster MUEM
Representante do estudantado egresado
Representante da Administradora do centro
Representante da Sociedade

A Xunta de centro aproba por asentimento a nova composición da comisión.

5. Aprobación, se procede, da proposta de título propio “Máster dual en Información Xeoespacial”.

A Directora lembra que se achegou con antelación toda a información relativa ao título, comenta a normativa correspondente, amosa a memoria e destaca os datos básicos da proposta, indicando que o coordinador académico é Pedro Arias, que a modalidade é sincrónica presencial e que a ensinanza está estruturada en 24 ECTS de materias ordinarias, 24 ECTS de prácticas de empresa e 12 ECTS de traballo fin de máster.

A continuación cede a palabra a Pedro Arias quen sinala que o título xurde dun acordo entre a Xunta de Galicia e o Consorcio proxecto GEOSUB no que está integrada a empresa TELESPAZIO (Telespazio Ibérica). Precisa que un terzo da formación corresponde á universidade e os outros dous terzos ás empresas, que a duración é dun curso académico e que conta co aval da Xunta de Galicia e da UVIGO.

Alejandro Casal pregunta cando se implantaría e Pedro Arias responde que comezaría xa en setembro xa que, ao tratarse dun título propio, a implantación é máis rápida; de feito un dos motivos para facelo así foi a urxencia da súa implantación. Tamén sinala que os prezos se regulan no marco dos títulos propios da UVIGO e que no período de formación na empresa os alumnos terían un contrato laboral en prácticas.

A Xunta de Escola aproba por asentimento a proposta.

6. Aprobación, se procede, da memoria económica do ano 2022.

A Presidenta cede a palabra a Francisco Deive, Subdirector de Infraestruturas e Asuntos Económicos, quen comenta a memoria económica (Anexo V) e sinala os principais cambios efectuados sobre o orzamento inicial, destacando o aumento de gastos relacionados coa publicidade das titulacións da Escola, é dicir, coas múltiples actividades de información e difusión das mesmas.

A Xunta de Escola aproba a memoria económica por asentimento. A Directora agradece a Francisco Deive e Ana Cacheiro a elaboración do documento e o traballo de xestión da execución do orzamento do ano 2022.

7. Aprobación, se procede, do orzamento para o ano 2023.

A Directora sinala que o orzamento do ano 2023 é similar ao dos últimos anos.

Amosa o documento (Anexo VI) e cede a palabra a Francisco Deive, Subdirector de Infraestruturas e Asuntos Económicos, quen indica que se manteñen os criterios de distribución dos créditos de gasto dos anos anteriores e comenta os datos máis relevantes das táboas incluídas no documento, sinalando que este ano tamén se asigna un mínimo de 100€ ás áreas que, polo estudantado matriculado, non chegarían a dita cantidade. Lembra a instrución de xerencia sobre a partida de publicidade (non pode superar o 2.5%) e indica que se asigna ao máximo. Finalmente salienta que a principal diferenza respecto ao ano pasado radica na redución de 3000€ da partida de subministracións docentes para compensar a supresión por parte da Vicerreitoría da partida de apoio ao persoal de administración e servizos do ámbito tecnolóxico. A Directora sinala que vai ter unha reunión cos outros directores do ámbito e co vicerreitor para tratar este tema polo que podería haber cambios neste axuste.

A Xunta de Escola aproba o orzamento por asentimento. A Directora agradece a Francisco Deive e Ana Cacheiro a elaboración do documento.

8. Aprobación, se procede, de documentación relativa ao Plan de Calidade da Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía.

Non hai.

9. Rogos e preguntas.

A Presidenta informa de que se acadou autorización para poder abrir algúns dos radiadores dos espazos comúns os días de máis frío, concretamente cando a temperatura baixe de 14°C.



Non habendo máis asuntos que tratar levántase a sesión ás 13 horas e 34 minutos do día de hoxe, do que como Secretario dou fe en Vigo, a vinte e tres de febreiro de dous mil vinte e tres.

Vº e Prace

A Directora

Elena Alonso Prieto

O Secretario

Guillermo García Lomba



ANEXO I

Convocatoria de Xunta de Escola do 23/02/2023

Asunto: Convocatoria ordinaria de Xunta de Escola

Por orde da súa presidenta, convócase reunión ordinaria da Xunta de Escola da EE de Minas e Enerxía para o xoves, 23 de febreiro de 2023, na Sala de Xuntas do módulo de Dirección, ás 12:30 horas en primeira convocatoria e ás 13:00 horas en segunda, para tratar os seguintes puntos da orde do día:

- 1) Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior, ordinaria celebrada o 14 de decembro de 2022.
- 2) Informe da Directora.
- 3) Aprobación, se procede, dunha modificación na composición da Comisión de Divulgación para o curso 2022/2023.
- 4) Aprobación, se procede, dunha modificación na composición da Comisión de Elaboración do Programa Estratéxico da Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía.
- 5) Aprobación, se procede, da proposta de título propio “Máster dual en Información Xeoespacial”.
- 6) Aprobación, se procede, da memoria económica do ano 2022.
- 7) Aprobación, se procede, do orzamento para o ano 2023.
- 8) Aprobación, se procede, de documentación relativa ao Plan de Calidade da Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía.
- 9) Rogos e preguntas.

Vigo, 16 de febreiro de 2023
O Secretario

Guillermo García Lomba

A TODOS OS MEMBROS DA XUNTA DE ESCOLA DA EE DE MINAS E ENERXÍA





ANEXO II

Asistentes á Xunta de Escola do 23/02/2023

ASISTENTES XUNTA DE ESCOLA 23/02/2023

Profesorado

1. Leandro Rafael Alejano Monge
2. Elena Mercedes Alonso Prieto
3. María Araújo Fernández
4. Pedro Arias Sánchez
5. Marta M^a Cabeza Simó
6. Francisco Javier Deive Herva
7. Ángeles Domínguez Santiago
8. Fernando María García Bastante
9. Guillermo García Lomba
10. Eduardo Giráldez Pérez
11. María Iciar Goicoechea Castaño
12. Elena González Rodríguez
13. Eduardo Liz Marzán
14. Raquel Pérez Orozco
15. María Carmen Pérez Pérez
16. Juan Jesús Rico Fuentes
17. M^a Teresa Rivas Brea
18. Ana María Rodríguez Rodríguez
19. Javier Taboada Castro
20. Javier Vijande López

Alumnado

21. Carmen Alonso Pérez
22. Alejandro Casal Barreiro
23. Mateo Salgado Díaz

Persoal de Administración e Servizos

24. M^a Carmen Romo Pérez

Desculpan a súa ausencia

- José Bienvenido Díez Ferrer
- Andrés Elías Feijoo Lorenzo
- David Patiño Vilas
- José Benito Vázquez Dorrió



ANEXO III

Informe da Directora



ANEXO IV

Documentación relativa á proposta de título propio “Máster dual en Información Xeoespacial”



ANEXO V

Memoria económica do ano 2022



ANEXO VI

Orzamento para o ano 2023